

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 XACOBEO 2010 Galicia
--	--	--

FICHA RESUMO

Ano	2011	PE403A 2010/104-1
Entidade	COFRADÍA DE CABO DE CRUZ	
Plan explotación⁽¹⁾	SOLENIDOS	
Réxime⁽²⁾	RECURSO ESPECÍFICO	
Modalidade⁽³⁾	MERGULLO EN APNEA	

Especies	Navalla (<i>Ensis arcuatus</i>) e longueirón (<i>Ensis siliqua</i>)
Ambito do plan	de punta Peralto a punta pedra Rubia
Subzonas de explotación	Barraña, Carregueiros, Retorta e Mañóns

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Mergulladores con habilitación
	8	8
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		
		NON
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Mergulladores con habilitación
-	-	-

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción		70										
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾												
Modalidade⁽³⁾: mergullo en apnea												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
			X	X	X	X	X	X				X

Topes de captura			
Especies	A pé	Embarcación/día	Mergullador enrolado e a bordo/día
Navalla, longueirón	-	-	15 kg

Artes a empregar	Mergullo en apnea
-------------------------	-------------------

Puntos de control	Embarcación de vixilancia da confraría
Puntos de venda	Lonxa de Cabo de Cruz

Accións a realizar ⁽⁷⁾	Épocas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas												
Zonas:												
Extracción semente para resembr												
Zonas:												
Especies:												
Sementeiras	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Zonas:												
Especies:												
Traslados	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia

Zonas:														
Especies:														
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D		
Rareos														
Zonas:														
Especies:														
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D		
Limpezas e arados														
Zonas:														
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D		
Outros														

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Ámbito do plan: De cara a unha mellor xestión do ámbito do plan, divídese en 4 zonas de produción:

- Barraña: dende a desembocadura do Río Coroño ata o arrecife das Marxas.
- Retorta: praia da Retorta e intermareal dos Baus de fóra.
- Carregueiros: dende Pta. Cabo a Pta. Chazo
- Mañóns: dende a rampla de Angados ata punta Pedra Rubia.

Especies: A navalla non está contemplada como especie autorizada nas autorizacións desta confraría.

Participantes: O listado de embarcacións anexo ao plan presentado inclúe ás 8 embarcacións que figuran na relación definitiva de seleccionados para a obtención do permiso de navalla-longueirón na confraría de Cabo de Cruz, anexa á resolución do departamento territorial de A Coruña de 26 de novembro de 2010, correspondéndolles unha cota a cada unha.

Época de extracción: Os bos resultados que se están a obter no desenvolvemento deste plan, e a fin de darlle una maior flexibilidade á explotación, aconsellan ampliar a época de extracción respecto do plan en vigor.

Días máximos de extracción: Esta ampliación da época de extracción non supón un incremento proporcional dos días máximos de extracción. Dado que este é un plan de explotación novo, no que ademais se está a aplicar un esforzo moi inferior ao autorizado, non dispoñemos de datos suficientes para valorar o esforzo que se podería aplicar sobre este recurso sen causar a súa sobreexplotación, por iso, ante a incertidume de cómo evolucionará a explotación coa ampliación da época de extracción e o incremento do tope de captura, os días máximos de extracción quedan fixado en 70 días ao ano.

Tope máximo de captura: As mesmas razón que aconsellan ampliar a época de extracción, permiten acceder a incrementar o tope de captura respecto do plan en vigor, a un máximo de 15 kg/mergullador enrolado e a bordo/día.

Puntos de control: Defínese a organización dos puntos de control nas zonas de extracción, nos que se revisan as embarcación, se controlan os cupos e tallas e se expide un vale coa información recollida a cada embarcación. A información do vale contrastarase, posteriormente, cos datos de venda en lonxa. O responsable do punto de control será o vixiante da confraría. En



canto sexa elixida a nova directiva da agrupación de marisqueo a flote, tanto o presidente da agrupación como calquera membro da directiva, poderán colaborar nas labores do punto de control.

Cómpre lembrar o establecido na disposición adicional quinta da Orde do 8 de febreiro de 2008: *“no caso de produtos pesqueiros frescos que teñan que pasar un punto de control, de acordo co plan de explotación correspondente, a mercadoría non poderá ser retirada deste punto polo mesmo propietario que a entrega”.*

Remisión dos datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

Réxime sancionador: O incumprimento das normas contidas no plan será motivo de sanción, previo inicio do procedemento sancionador oportuno, conforme ao establecido nos estatutos das confrarías. En calquera caso, a persoa afectada poderá recorrer á vía xudicial, xa que a tutela que exerce a administración sobre as confrarías non inclúe ó réxime sancionador (artigo 3º do Decreto 261/2002, de 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións).

Mergullo: Tódolos mergulladores terán que ter a tarxeta de mergullador en vigor para poder traballar no plan de explotación, de non ser así serán excluídos da relación adxunta á resolución de apertura mensual.

Plan de seguridade: Deberán elaborar o plan de seguridade. Na solicitude de apertura de cada mes deberá indicarse o nome do mergullador que vai a exercer como xefe de equipo.

O informe da actividade de mergullo é favorable a autorizar a realización das inmersións necesarias para a execución do plan, sempre que o **plan sexa aprobado a efectos de seguridade pola autoridade marítima correspondente e que deberán presentar antes de realizar a primeira apertura do ano 2011.**

Recomendacións para a mellora do plan:

- Recoméndase un maior esforzo na realización do plan financeiro no que se recollan os gastos e ingresos que se xeneran no desenvolvemento deste plan.